

ENTROIDO
en
TOMIÑO

Tódolos Grupos e Comparsas do Baixo Miño e comarcas limítrofes, poderán participar

NO DESFILE DE
ENTROIDO
“Venres de Foliada”

que terá lugar o 12 de Febreiro, a partir das 22.00 h.

¡Chama ó teléfono: 986 622 988!
solicita as bases e insíbete, dende o 11 ao 29 de xaneiro

O número máximo de comparsas inscritas será de 25, e terán compensacións económicas.

ORGANIZA:
 CONCELLO DE TOMIÑO
 Concellería de Cultura, Educación e Participación Veciñal



O desfile “Venres de Foliada” sairá do torreiro do Alivio o día 12 de febreiro ás 22.00 horas

O vindeiro día 12 de febreiro terá lugar o tradicional desfile de Entroido de Tomiño “Venres de Foliada”, un dos máis populosos da comarca e no que participarán este ano máis de 1500 persoas.

A Concellaría de Cultura, Educación e Participación Veciñal, organizadora do evento, confirmou a participación de 26 comparsas con carroza e outras seis sen carroza, ademais de varias rondallas, charangas e treboadas que confiren ao espectáculo gran dinamismo e sabor popular.

O percorrido terá a súa saída ás 22.00 horas no torreiro de festas do Alivio, baixará pola rúa Gondomar, xirará na rúa A Guarda ata a Praza do Seixo e rematará na rúa República Argentina.

Entre as numerosas comparsas inscritas no desfile figuran as agrupacións locais “Estrelas da Noite”, “Revolution Show”, “Luces de Tomiño”, “Os Terribles de Tebra” e “Abanico de Colores”, “Os do Cristo”, “A Troula”, “Troula Vikinga”, “As Meigas”, “Os anos de Michael”, “Ceibe”, “El polvorette”, “Xa estamos nela”, “E din que hai crise”, que irán acompañadas por outras recoñecidas comparsas das comarcas do Baixo Miño, Louriña, Vigo e zona de influencia.

O concelleiro de Cultura e tenente de alcalde, Jesús Castiñeira Diz, salientou o esforzo de organización realizado polo departamento de Cultura para manter o nivel dun desfile que medra cada ano.

Entroido de Goián

O Entroido de Goián, de gran tradición na zona, terá lugar o domingo 14 de febreiro. Ás doce da mañá será o desfile infantil; ás catro da tarde haberá xogos populares e a partir das nove da noite baile-concurso de disfraces amenizado polas orquestras Superrama e Trova.

Organizada pola Asociación Entroido de Goián coa colaboración da Concellaría de Cultura, a festa continuará o luns 15 a partir das nove da mañá, cun pasarrúas de Treboadas, Á unha do mediodía será a “Gran Tortillada”, e a partir das nove da noite, baile amenizado polas orquestras Aramio e Passarela.

O martes 16 será o gran desfile a partir das catro da tarde. Ás nove da noite haberá baile amenizado polas orquestras Benidorm e Ilusión. Por último, o mércores 17 a partir das sete da tarde será o tradicional ENTERRO DA TAÍÑA.